

CANGAS**A N U N C I O**

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria de data 29 de abril de 2.009, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto do Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas, unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das reclamaciones estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE CANGAS**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

Na actualidade a actividade comercial configúrase como un sector dos de maior importancia na vida municipal, existindo diversas modalidades especiais dentro da mesma, entre as que se atopa a venda ambulante, actividade que pola súa importancia reclama unha normativa municipal na que se establezan as peculiaridades do seu desenvolvemento no Concello de Cangas.

Así por medio deste Regulamento instruméntase a intervención municipal na vida económica e social, por canto non debemos olvidar a dobre función da mesma, por unha banda, regular o exercicio dunha actividade comercial de carácter económico e por outra, a protección dos/as consumidores/as e usuarios/as, en desenvolvemento non só da normativa tanto estatal como autonómica, senón tamén da norma suprema que eleva a principio rector da política social e económica a protección dos consumidores e usuarios.

Como xa se indicou a regulación deste sector ven a completar o traballo xa iniciado especialmente pola Comunidade Autónoma, coa creación dun Rexistro de Comerciantes Ambulantes, requisito imprescindible para o exercicio da actividade, e que supón un achegamento das obrigas, non só de dereitos, dos vendedores ambulantes aos vendedores sedentarios integrados en estruturas comerciais, pretendendo coa mesma unha mellora na control e vixilancia que redundará, sin dúbida, en toda a poboación.

A presente Ordenanza dictase en virtude das facultades concedidas polos artigos 25.2.h e 84.1 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 27 da Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, artigos 1 e 5 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, e o artigo 13 e seguintes do Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de Ordenación da Venda Ambulante.

*CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**Artigo 1. — Obxecto e ámbito.*

Esta Ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, a venda ambulante, calquera que sexa a súa modalidade, segundo o artigo 2 do D/194-2001 do 26 de xullo.

Artigo 2. — Marco normativo.

A venda ambulante rexeráse, ademais do disposto pola presente ordenanza, polo establecido no Decreto da Consellería de Industria e Comercio 194/2001, de 26 de xullo, de Ordenación da Venda Ambulante, na Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, RD 1010/1985, polo que se aproba o Regulamento de venda ambulante polo que se regula o exercicio de determinadas modalidades de venda fora de establecemento comercial permanente, pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto concreto, en especial os regulamentos técnicos sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

Artigo 3.—Competencia.

Corresponde ó Concello de Cangas, dentro do seu término municipal, sen perxucio das competencias doutras administracións, a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio da venda ambulante e outros acontecementos extraordinarios, nos que se desenvolvan actividades de venda ambulante, do cumprimento dos requisitos para a obtención das licencias e de facer cumprir o presente regulamento.

*CAPÍTULO II. DA VENDA AMBULANTE EN XERAL**Artigo 4.—Concepto de venda ambulante.*

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional ou periódica, fora de establecemento comercial e na vía pública ou solares, ou en espacions libre, en postos ou instalacións desmontables ou en vehículos.

A venda ambulante únicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

Artigo 5.—Modalidades de venda ambulante.

1.—A Venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: son aqueles situados en poboacións, en espacios determinados e cunha periodicidade habitual establecida.

b) Venda ambulante en enclaves illados da vía pública, en postos de carácter ocasional autorizados únicamente durante a tempada propia do produto comercializado.

c) Venda ambulante en mercados ocasionais: son aqueles que se celebran de maneira non* periódica en razón a festas ou acontecementos populares.

d) Venda ambulante en camións-tenda con carácter itinerante nos lugares e eos itinerarios que se autoricen polo Concello.

2.—Segundo o artigo 2.4 do decreto 194/2001, de 26 de xullo, non terá consideración de venda ambulante:

a) Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, de 5 de marzo, de actividades feirais de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

b) Venda directa exercida polos agricultores no seu termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción, estando sometido o control de dito extremo ás compro-bacións oportunas do persoal municipal.

c) Venda de obxectos artesanais realizados polos propios produtores, con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares.

d) Venda puramente ocasional de xornais, plantas e frores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.

e) Venda a distancia nin venda automática mediante máquinas preparadas ó efecto.

f) O comercio esporádico en recintos ou espacios reservados con ocasión de espectáculos públicos, deportivos, musicais ou análogos, e referida a produtos directamente relacionados co evento en cuestión, suxetos evidentemente á debida autorización municipal.

Queda expresamente prohibida a venda ambulante no mercadillo de animais de compañía, carnes, aves e cazas frescas, refrixeradas ou conxeladas, pescados e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite certificada e leite pasteurizada, queixos frescos, e derivados lácteos, pastelería e bolería rechea ou guarnecida, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconservas, así como aqueles outros produtos que conleven risco sanitario polas súas especiais características a xuízo das autoridades competentes.

Non poderá concederse autorización para a venda de produtos cuia normativa reguladora así o prohiba, puidendo ademáis, as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando por motivos de saúde pública así o aconsexen.

Non obstante, permitirase a venda dos produtos anteriormente citados cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña das axeitadas instalacións frigoríficas e os produtos estén debidamente envasados.

Artigo 6.—Suxeitos da venda.

A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se adique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demáis normativa que fose de aplicación.

Artigo 7.—Requisitos para o exercicio da actividade de venda ambulante.

Para o exercicio da venda ambulante, as persoas deberán cumprir-los seguintes requisitos (art. 10 do D.194/2001):

- 1.—Ser persoa física (maior de 16 anos) ou persoa xurídica que se atope legalmente constituída.
- 2.—Se o titular procede de países non comunitarios, deberá estar en posesión dos permisos de residencia e de traballo, ou, de proceder de países non comunitarios, da tarxeta de residencia.
- 3.—Estar inscritos no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e posuir o carné que expende a Xunta de Galicia.
- 4.—Atoparse de alta no epígrafe do IAE, na modalidade de venda ambulante e atoparse de alta no Réxime correspondente da Seguridade Social.
- 5.—Estar ó día no pagamento das súas obrigas coa Facenda Pública e coa Seguridade Social e coas obrigas municipais.
- 6.—Cumprir todos os requisitos que establezan as regulamentacións específicas aplicables ós produtos autorizados que teñan á venda.
- 7.—Estar en posesión do carné sanitario de Manipulador de Alimentos, actualizado, cando proceda á venda de artigos alimenticios.
- 8.—Estar en posesión da licenza municipal correspondente para este tipo de venda. Esta licenza sinalará o obxecto da venda e deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente. A licenza municipal para o exercicio da venda ambulante, estará sometida á comprobación previa polo Concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor polo exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o cal está autorizada a venda.

CAPÍTULO III. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO MERCADILLO

Artigo 8.—Emprazamento.

- 1.—A venda ambulante só queda autorizada nos lugares e datas que se determinen por acordo da Xunta de Goberno Local, estando suxeita á preceptiva licenza municipal.
- 2.—A zona destinada á actividade de venda ambulante, será o espazo que o interese municipal determine en cada momento.
- 3.—O mercadillo ubícase no entorno da Praza de Abastos e Avda. Eugenio Sequeiros sen perxuízo do disposto no seguinte apartado.
- 4.—O Concello poderá modifica-lo emprazamento do Mercadillo por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución da Alcaldía ou, de ser o caso, acordo da Xunta de Goberno. En todo caso, o recinto deberá reunir as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.

Artigo 9.—Periodicidade e horario.

Os días de mercado serán tódolos martes e venres do ano, que non poderán coincidir coas festividades. Autorizaranse unicamente dous mercados extraordinarios ó longo do ano, un en martes e outros en venres, a celebrar nunha data proposta polos vendedores/as ambulantes e aprobada en Xunta de Goberno Local. Non obstante, cando circunstancias de carácter excepcional así o aconsellen, o Concello poderá autorizar un mercado extraordinario máis, mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

O horario establecido comprende aproximadamente dende ás 08:00 ás 14:30 horas, no que se procederá a súa retirada. O montaxe dos postos deberá efectuarse entre 08:00 e as 09:30 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partires desta hora, salvo días de temporal ou forza maior. Cada quen limitarase exclusivamente ó espacio que ten destinado, agás se o posto do lado queda libre, caso no que de autorizalo así o Concello poderán extenderse os lindantes.

O espazo ocupado polo mercado ambulante deberá estar libre e limpo ás 15.00 para que os servizos municipais de limpeza poidan realiza-la súa tarefa.

O Concello, por causa de interés xeral, e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, podrá modificar as prescricións deste Regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión, sin que elo de lugar a indemnización algunha.

Por acordo previo e motivado de alteración dos lugares de venda ou do día da celebración do mercadillo, polas causas anteriormente citadas, adoptarase pola Xunta de Goberno Local.

O número e localización dos postos se difiere a acordos municipais que determinarán, en función das circunstancias concorrentes en cada momento, o aumento ou supresión dos postos existentes ou a súa modificación.

Artigo 10. — Instalacións.

1. — Todo mercadillo terá unha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta o cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene e respecto ó medio urbano e vecinal onde se instala e que, polo menos, cumprirá as seguintes esixencias:

a) O mercadillo deberá instalarse sobre superficie axeitada.

b) Dentro da superficie o mercadillo existirán depósitos destinados á recollida de refugallos ocasionados pola actividade comercial.

2. — As persoas autorizadas, ó final de cada xornada comercial, deberán deixar limpos de refugallos os respectivos espazos.

En ningún caso se permitirá a colocación de postos nas beirarúas, que estorben o paso a locais comerciais, industriais e profesionais, en accesos a edificios públicos ou privados, ni en lugares que dificulten a circulación peonil ou de vehículos.

Tendo as licenzas a consideración de seren outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados.

No caso do paragrafo anterior, os interesados poderan recuperar os elementos retirados previo abono do importe dos costes de procedemento de custodia e almacenamento das mercadorias retiradas.

Os/as comerciantes terán a vista na parte frontal superior e perfectamente visible a licenza aos/as axentes municipais polo que presumirase que tal licenza non existe de non presentar a mesma no momento de ser esixida polos axentes municipais.

Artigo 11. — Dos postos.

1. — Só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos textis, de pel, calzado, artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material navideño, cosmética, perfumería, bisutería, libros, aparatos de radio, cd, dvd, plantas, sementes, xoguetería, árbores e outros análogos.

2. — Queda expresamente prohibido a exposición de mercaderías no chan, debendo estar en mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade, ou ben directamente ñas cestas.

3.—Os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas sen estar de alta no Imposto de Actividades Económicas, nin afiliación a Seguridade Social, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excedentes de produción, que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fora de temporada). A administración municipal esixirá a alta no imposto de actividades económicas e afiliación a Seguridade Social cando os produtos do campo non proveñan dunha explotación agrícola destinada o consumo familiar, por considerarse o vendedor como un intermediario.

4.—A venda autorizaráse en postos de carácter desmontable ou instalacións que terán unhas condicións axeitadas ás características da licencia.

5.—O posto instalaráse sobor o pintado na vía pública, co número correspondente, de xeito que se manteña libre o eixe da rúa existente entre postos.

6.—Os postos no chan terán un voo máximo de 3 metros ó longo da ocupación, que poderán ser ocupados por mecadurasías. Para protexerse das inclemencias metereolóxicas, poderá ampliarse o voo sen que moleste ós demais comerciantes, que non poderán ser ocupados con xénero algún. A altura dos voladizos será de un mínimo de 1,90.

7.—A mercadería atoparase sempre dentro da superficie do posto, quedando terminantemente prohibido o acopio da mesma en envases ou emba-laxes fóra do posto. En todo caso, o vendedor extremará a limpeza na zona de venda.

Artigo 12.—Competencia.

A organización, intervención e inspección do mercadillo, corresponde á Alcaldía ou Concelleiro responsable, sen perxuício das competencias correspondentes ó Administrador, ou Servicios Municipais de Sanidade, Policía e Tráfico.

Artigo 13.—Da venda.

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade coa normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado; deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán de que os produtos obxecto de venda cumpran as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nélas.

Os produtos atoparanse debidamente etiquetados e marcados co prezo correspondente.

Artigo 14.—Dos produtos.

1.—Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medi-los produtos, debendo estar correctamente etiquetados e marcados co prezo correspondente. Os artigos de uso alimentario deberán situarse a unha distancia do chan non inferior a 60 cm.

2.—Os artigos á venda deberán cumprilo establecido en materia de sanidade e hixiene.

3.—A venda de produtos perecedeiros, adecuará-se en todo momento ás condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes. En caso de infracción a tales leis ou normas, detectadas polos axentes sanitarios estableceranse as oportunas sancións pola administración competente.

4.—A autoridade municipal poderá decomisar os que non cumprisen tales condicións e, baixo a consideración de falta moi grave, abrir o oportuno expediente sancionador ó responsable da venda. Nos supostos en que sexa previsible o decomiso dos produtos, poderase proceder á intervención cautelar dos mesmos.

Artigo 15.—Obrigas dos vendedores.

Son obrigas dos vendedores autorizados:

1.—Cumprir todas as disposicións do presente Regulamento, así como as demais disposicións legais vixentes que lle resulten de aplicación.

2.—Aboa-la taxa que fixe a ordenanza reguladora por ocupación da vía pública.

3.—Deberá colocar nun lugar visible a tarxeta identificativa.

4.—Responderá da legalidade, calidade e seguridade dos produtos que vendan, sendo responsable dos riscos para a saúde dos consumidores e usuarios.

5.—Aqueles postos que expidan artigos nos que sexa necesario o peso ou medida, deberán dispor dunha báscula ou metro regulamentario.

6.—Ocupar o posto asignado polo Concello, sen sobrepasalo espacio concedido, sin poder situarse nos accesos a locais comerciais ou impedindo a vista dos seus escaparates e exposicións.

7.—Manter limpo e en debidas condicións o espacio asignado, recollendo tódolos refugallos e embalaxes, debidamente amarrados ou depositados nos colectores para facilitar a ulterior recollida de lixo, evitando en todo momento que se dispersen ensuciando os espacios veciños.

8.—Manter aberto ó público o posto, debidamente atendido e abastecido.

9.—Acatar as instrucións que imparta o Concello para o bo funcionamento do mercado.

10.—Queda prohibida a utilización de megafonía para anunciar a venda de produtos.

Artigo 16.—Dereitos dos vendedores.

1.—Terán dereito a exercer a súa actividade no lugar debidamente autorizado e otorgado na licenza municipal.

2.—A exercer pública e pacíficamente, no horario e coas condicións establecidas, a actividade de venda ambulante.

3.—No caso de superesión do posto do mercado, o titular terá dereito preferente no novo empraizamento.

4.—Presentar cantas reclamacións e sugerencias consideren oportunas na defensa dos seus dereitos e intereses.

5.—A ser substituídos na titularidade do posto previa autorización do Concello e cumprindo os requisitos deste regulamento.

6.—Dereito a promover e constituir asociacións que os representen.

Artigo 17.—Administrador do Mercadillo.

O administrador dos mercadillos, representa ao Concello e deberá ser permanentemente respectado por todos os vendedores e clientes do mercadillo, que acatarán as directrices e órdes que dícte, sinalando entre as súas competencias as seguintes:

a) Coidar de que non entre no mercadillo ningunha persoa que non está autorizada e que a actividade no interior do mercadillo realícese con normalidade, de acordo co disposto nesta Ordenanza e demais disposicións vixentes, dando conta ao Concello por escrito das anomalías que observen no funcionamento do mercadillo.

b) Atender as queixas e reclamacións do público e vendedores resolvendo de inmediato aquelas que así o aconsellen, dando conta en calquer caso a Alcaldía ou a Delegación correspondente, mediante os correspondentes partes de incidencias.

c) Levar debidamente ordenadas e arquivadas copias das autorizacións concedidas, compulsadas polo Concello poñendo en coñecemento dos vendedores a finalización da vixencia destas a cada un dos afectados, aos efectos de renovar a autorización.

d) Arquivar por rigorosa orde a presentación, copia das solicitudes que se presenten, comunicando ao interesado primeiro na lista de espera, cando quede vacante algún dos postos.

e) Velar polo bó orde, e a limpeza do mercado.

CAPÍTULO IV. DAS LICENCIAS

Artigo 18.—Licencia municipal.

1.—Para poder exercer-la venda ambulante neste Concello, será preciso posuir a correspondente licenzia municipal, que será individual, persoal e intransferible. A actividade debe exercerse persoalmente polo seu titular. A autorización habilitará, ademais de ó seu titular, ó cónxuxe deste, ós descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a el mediante contrato laboral.

2.—Concederáanse pola Xunta de Goberno Local, previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos.

3.—O Concello expedirá unhas licenzias que conteñan a indicación precisa do lugar de situación no mercadillo do titular, así como os artigos e produtos autorizados e o nome e número da licenzia municipal do vendedor titular.

4.—Esta licenzia deberá exhibirse obrigatoriamente e durante o tempo que dure o mercadillo, nun lugar ben visible do posto ou, no seu caso, estar sempre a disposición da autoridade competente que a poida solicitar.

5.—A licenzia terá unha validez por un ano, puidendo ser obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos de anos naturais, previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello, e sempre que non exista denuncia da mesma por calquera das partes.

6.—En caso de autorizacións adxudicadas a persoas xurídicas, deberán comunicar ó Concello calquera cambio que se produza en relación coa súa constitución, nun prazo máximo de un mes dende a formalización de dito cambio.

7.—Os titulares de autorización para o exercicio da venda ambulante do Concello de Cangas deberán ter suscrito seguro de responsabilidade civil para afrontar os posibles danos en que incurriran.

8.—As As persoas xurídicas, sociedades cooperativas ou mercantís, obterán unha única licenzias, distribuíndose o número de postos como segue:

a) Sociedades cooperativas de traballo asociado, legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades Cooperativas das Xunta de Galicia:

a. As constituídas cun número de socios fundadores máximo de 10: ata un máximo de cinco postos.

b. As constituídas cun número de socios fundadores entre 11 e 20: ata un máximo de dez postos.

b) Sociedades mercantís legalmente constituídas e debidamente inscritas nos Rexistros mercantís (agás sociedades mercantís unipersoais): ata un máximo de cinco postos.

Os/as ocupantes de postos a título persoal poderán constituirse en réxime de cooperativas acolléndose ó disposto na Disposición Transitoria do presente regulamento, coas limitacións e requisitos establecidos na lexislación de aplicación.

Artigo 19.—Réxime de solicitude da licenzia.

1. A licenzia para o exercicio da actividade, deberá ser solicitada polo interesado ou representante debidamente autorizado, en impreso normalizado que figura como Anexo I da presente Regulamento, que se entregará no Concello, onde necesariamente deberá constar:

a) Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/NIF do titular da autorización, pasaporte ou tarxeta de residencia para cida-dáns comunitarios, ou permiso de residencia e traballo para os non comunitarios.

b) De tratarse de persoas xurídicas, en calquera das modalidades sinaladas no presente regulamento, deberán presentar copia compulsada das escrituras constitutivas das mesmas, e xustificante de estar inscritas nos correspondentes rexistros.

c) Enderezo para os efectos de notificacións cando non coincida co seu domicilio habitual, ou domicilio social da sociedade.

d) Modalidade de venda ambulante que se autoriza.

e) Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene e seguridade especialmente necesarias para o caso.

f) Determinación dos lugares e dimensións, así como os días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercicio da venda ambulante.

g) Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.

h) Referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.

h) Condicións particulares ás que, no seu caso, quede suxeito o titular da autorización.

i) Período de vixencia da autorización.

j) Número da tarxeta acreditativa da inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.

k) Número de metros liñais da ocupación.

2. Unha vez recibida comunicación favorable á solicitude de licencia, como trámite previo ó outorgamento da licencia, os solicitantes, co fin de obter ésta, deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación (presentaranse os documentos orixinais para a compulsa no Concello):

a) Fotocopia da tarxeta acreditativa de inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, debidamente actualizada.

b) Fotocopia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.

c) Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.

d) Fotocopia do último recibo do réxime correspondente da seguridade social.

e) Dúas fotografías tamaño carné.

f) Se a licencia afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.

g) Declaración xurada na que o solicitante manifeste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade, e o seu compromiso a observalas.

h) Certificado de atoparse ó corrente de pago ñas obrigas tributarias co Concello e da Seguridade Social, ou xustificante que acredite o aprazamento do pago. Sen perxuízo do disposto na Lei 30/92, poderase reclamar ó solicitante calquera información ou documentación adicional que se considere necesaria, co fin de verificar os datos aportados polo interesado.

h) Copias compulsadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenrolar a actividade no nome do titular, cando éste sexa persoa xurídica.

i) Documentación acreditativa da constitución legal e inscrición no oportuno Rexistro Mercantil, para o suposto de que se trate dunha persoa xurídica.

j) Copia compulsada da póliza de responsabilidade civil suscrita a efectos dos posibles danos e accidentes que se puideran derivar do exercicio da actividade.

Artigo 20. – Contido da licencia.

1. – O Concello expedirá as licencias en documento normalizado, no que se fará constar:

*Identificación do titular e, de se-lo caso, da persoa autorizada que vaia desenvolver a actividade en substitución do titular (fotografía carnet, domicilio, nome e apelidos e DNI ou CIF).

*Localización precisa do posto coa súa correspondente identificación numérica e superficie asignada.

*Data da licencia municipal e de caducidade.

*Produtos autorizados para a venda.

*Epígrafe I.A.E.

*Número outorgado ó titular no Rexistro Municipal de Comerciais Ambulantes.

*Ñas costas levará un resumo das circunstancias máis importantes deste ordenamento, especialmente o capítulo de faltas e sancións.

A licenzia, orixinal ou copia, co carimbo do Concello, deberá ser exhibida polo comerciante durante o exercicio da actividade, colocada no posto en lugar perfectamente visible.

Artigo 21. – Validez da licenzia.

As licenzias serán personáis e intransferibles, e terán unha duración dun ano natural, prorrogable, salvo renuncia expresa do titular.

A renovación da licenzia produciráse anualmente, de xeito automático, previo requerimento polo Concello da documentación necesaria, sempre que se presente a acreditación de estar ó día no pagamento das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Facenda Pública, así como a acreditación de estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia e a acreditación das demais circunstancias esixidas.

A renovación anual das autorizacións para a venda ambulante, farase antes do 15 de NOVEMBRO.

Artigo: 22. – Criterios de adxudicación.

Unha vez transcorrido o prazo ó que fai referencia a Disposición Transitoria Única a adxudicación dos postos disponibles previamente delimitados e sinalados, realizarase tendo en conta os seguintes criterios

- a) Por orde de antigüidade, para o que se creará a correspondente lista de espera.
- b) Mellor racionalización dos espazos a ocupar.
- c) Diversificación dos produtos obxecto de venda.

Cando algún posto cause baixa por calquera motivo o mesmo pasará a situación de dispoñible, adxudicándose a aqueles solicitantes que reúnan os requisitos, segundo o disposto anteriormente, si ben os que sexan titulares terán preferencia para poder cambiar de posto

Artigo 23. – Autorizacións.

A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante otorgarase polo Concello segundo o disposto na lexislación vixente.

O titular da autorización municipal poderá ser substituído por outra persoa por algún dos motivos e polo tempo seguinte, previa xustificación documental e autorización municipal:

- a) Un mes en caso de matrimonio.
 - b) En caso de nacemento dun fillo, enfermidade grave, falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, desprazamentos polos motivos anteriores. En todos os casos anteriores atenderase os prazos e datas que fixe a lexislación social vixente en cada momento.
 - c) Para realizar funcións sindicais ou de representación os prazos serán os que fixe a lexislación vixente.
 - d) Maternidade ou paternidade (conciliación vida familiar e laboral)
 - e) Exercicio de cargo público representativo
 - f) Privación da liberdade mentras non exista sentenza condenatoria
 - g) Viaxes relacionados directamente coa actividade obxecto de licenzia.
 - h) O tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público ou persoal.
- O/a substituto/a deberá reunir os seguintes requisitos:
- a) Estar dado de alta como comerciante no réxime correspondente.
 - b) Non ser titular no mercadillo dun posto de venda ambulante.
 - c) A substitución será unicamente para o mesmo posto e para o exercicio da mesma actividade.

Artigo 24. – Criterios de revogación ou extinción da autorización.

En caso de ter pechado o posta durante oito días de mercados seguidos, ou doce alternos (estes últimos nun período de seis meses), revogarase autorización, logo da correspondente notificación.

Non obstante, a administración poderá resolver casos individualizados por enfermidade do titular ou outras causas debidamente xustificadas.

CAPÍTULO V. REXISTRO MUNICIPAL DE VENDEDORES AMBULANTES

Artigo 25. – Rexistro Municipal de Vendedores Ambulantes.

1. – Créase o Rexistro Público Municipal de Vendedores Ambulantes, que será xestionado polo Concello, e a inscrición neste será consecuencia inmediata de concesión á licenza municipal correspondente para o exercicio da actividade.

2. – A inscrición dos titulares de licencias municipais de venda ambulante vixente, ó tempo de posta en funcionamento deste servizo, farase de oficio pola autoridade municipal, sen que sexa precisa a solicitude formalizada por aqueles; nembargantes estarán obrigados a comunicar e acreditalos datos que se lles requiran para a efectiva inscrición no rexistro.

3. – Realizada a inscrición, expediráselle ó comerciante inscrito un carné profesional de vendedor ambulante, cunha vixencia dun ano, renovable automaticamente.

4. – O contido do carné profesional deberá ser:

- a) Identificación do titular.
- b) Período de vixencia.
- c) Descrición literal do epígrafe fiscal no que figura dado de alta.
- d) Produto autorizado á venda.
- e) Número de metros do posto.
- f) Número do posto.
- g) Número de rexistro e carimbo da dependencia municipal correspondente coa sinatura da Alcaldía.
- h) Fotografía do titular.

5. – No caso de non renovación do carné da Xunta ou de perda xustificada da licenza, o vendedor terá a obriga de entrega-lo carné municipal.

6. – Este carné será renovable ano a ano, de xeito automático; para elo o Concello estampará o seu carimbo no mesmo.

7. – Neste rexistro tamén se incluírá un apartado referente ás solicitudes en lista de espera.

8. – A concesión de licencias farase de conformidade co diposto na lexislación de aplicación.

9. – No primeiro trimestre do ano o Concello comunicará á Dirección Xeral de Comercio o contido do Rexistro Municipal de Comerciantes Ambulantes para a súa comprobación co Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.

CAPÍTULO VI RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 26. – Infraccións e sancións.

Constitúen infraccións as condutas tipificadas como tales neste artigo:

1. – O incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, así como as determinadas na normativa de aplicación, dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador, que poderá iniciarse de oficio ou por denuncia. As faltas clasificaránse como leves, graves ou moi graves.

2. – Serán faltas leves:

- a) Producir ruídos, berros ou música infrinxindo a normativa vixente.

- b) A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.
- c) Aumentar a superficie do posto, sen autorización municipal.
- d) Non deixar limpo e recollido á hora sinalada o lugar no que estivo instalado. Ou permitir que o lixo procedente da súa actividade durante o tempo que permanece instalado sexa transportado (polo vento ou outros motivos), fóra do seu espazo.
- e) Colocación de mercaderías fora do espazo asignado.
- f) Non mostrar a requerimento da autoridade competente as autorizacións pertinentes.

3. – Serán faltas graves:

- a) A venda de produtos distintos ós autorizados na licencia.
- b) A desobediencia das normas de orde e indicacións do Concello.
- c) A venda de produtos en condicións deficientes ou deteriorados.
- d) A instalación do posto en lugar non autorizado.
- e) Falta da envoltura regulamentaria nos artigos alimenticios á venda.
- f) Falta de aseo, limpeza e hixiene en vendedores, postos e ferramentas.
- g) Non acreditar mediante factura a procedencia das mercaderías de ser requeridos para elo.

4. – Serán faltas moi graves:

- a) Non estar inscrito no Rexistro de Comerciantes de Galicia.
- b) Non estar dado de alta no Imposto de actividades económicas ou non estar ó día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se ejerza.
- c) Non estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- d) A venda de produtos en mal estado que poidan causar dano á saúde.
- e) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- f.) A negativa ou resistencia a suministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, tramitación e execución que lle corresponden, así como o suministro de información exacta ou documentación falsa.

5. – A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seránlles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como ñas normas que o desenvolven.

6. – Sen perxuízo da correspondente sanción será causa suficiente para a revocación da licencia, a comisión, entre outras, das seguintes faltas:

- *Venda de produtos non autorizados.
- *Discusións ou altercados con perturbación da orde.
- *Transmisibilidade da licencia.
- *A non ocupación do posto asignado durante período de tres meses sen causa xustificada.
- *A falta de pago das taxas municipais.

Artigo 27. – Sancións.

As sancións que se aplicarán, serán, sen perxuízo do disposto no apartado 5a do art. 24, as que seguen:

- 1. – Por faltas leves, multas de 50 a 100 euros.
- 2. – Por faltas graves, multas de 101 a 200 euros.

3. — Por faltas moi graves:

*Multas de 201 a 400 euros.

*Revogación da licencia, mesmo coa posibilidade de chegar a comisala mercadería nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

4. — Correspóndelle á Alcaldía a imposición de multas e demais sancións.

Artigo 28. — Medidas cautelares.

A iniciación de actuacións que poidan dar lugar á incoación de calquera rocedemento sancionador por falta grave ou moi grave poderá levar aparelado, como medida preventiva, a retención das mercadorías polos vixiantes encargados da venda ambulante, axentes da Policía Local, ou autoridade competente, cando se realizase a venda ambulante sen autorización, existisen sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde ou integridade física dos consumidores ou compradores, de xeito independente ao inicio do expediente sancionador.

Artigo 29. — Procedemento.

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas nesta ordenanza, será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real Decreto 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/92, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas de procedemento administrativo común, e demais normas concordantes. Asimesmo estarase ó disposto no RD 1945/1983 polo que se regulan infraccións e sancións en materia do defensa do consumidor en relación coa Disposición Final 1º da Lei 12/1984.

Artigo 30. — Da actuación municipal.

O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección en todos aqueles postos situados no mercado, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

Artigo 31. — Inspección municipal.

Os servizos municipais correspondentes velarán polo mantemento da orde pública e o cumprimento polos usuarios destas normas, e das que se dicten no sucesivo na materia, sendo competencia municipal a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións en aplicación da normativa vixente.

Artigo 32. — Instalacións.

O mercado deberá contar cunha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta as instalacións axustadas ás normas vixentes sobre sanidade, hixiene e medio urbano, cumprindo polo menos coas seguintes esixencias:

a) O mercado estará montado sobre superficie asfaltada ou empedrada, que deberá estar nas condicións máis idoneas.

b) Dentro da súa superficie ou anexa inmediata, existirán contenedores destinados á recollida dos residuos producidos pola actividade comercial.

c) Aqueles establecementos susceptibles delo deberán estar provistos das correspondentes follas de reclamacións e deberán expedir tickets ou facturas das vendas feitas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Tras a entrada en vigor do presente regulamento abrírase un período único para a regularización e normalización do mercadillo por un prazo de catro meses. A tal efecto os actuais ocupantes dos postos poderán regularizar a súa situación mediante a presentación no Concello dos datos identificativos do titular do posto e o seu suplente, sen perxuízo do cumprimento da normativa reguladora da materia.

Transcorrido dito prazo e unha vez verificada a ocupación real e efectiva do mercado a concesión de postos realizarase segundo o disposto no presente regulamento.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA*

Para o non previsto na presente ordenanza, estará-se ó previsto no R.D. 1.010/85, polo que se aprobado 5 de xuño, D. 194/01, do 26 de xullo, de Ordenación da Venda Ambulante Lei 7/93, do 15 dexaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista, Lei 10/98, do 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, Lei 86/84, R.D. 1.945/83, Lei 12/84, e demais normativa de aplicación na materia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

No caso de retirada, intervención de instalacións, elementos e xéneros, procederase ao depósito dos mesmos no lugar que se determine. Os produtos intervidos de natureza perecedeira depositaríanse nas cámaras frigoríficas do Mercado central de abastos por un prazo de 48 horas, e os produtos non perecedeiros serán depositados nas instalacións que o concello habilite.

Transcorrido o prazo establecido no parrafo anterior dende a súa intervención, sen comparecer o titular para facerse cargo dos mesmos entenderase que desiste no seu interés e titularidade, podéndose proceder a súa destrución ou darlle outro destino que se considere, sen posibilidade de reclamación ou indemnización algunha.

Previamente á retirada das mercadorias haberá de aboarse a correspondentes gastos de depósito, que se fixará na correspondente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o anterior Regulamento de venda ambulante dentro do termo municipal de Cangas, así como cantos outros actos ou acordos en contradicción co presente regulamento.

Contra o presente Acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Cangas a 9 de agosto de 2.011—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2011010190**

* * *

MEAÑO**A N U N C I O**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 10 de outubro de 2011 a modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de Comedor Escolar no CEIP Coirón-Dena, dando cumprimento ao artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, exponse ao público polo período de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan formular as alegacións que consideren oportunas. De non presentarse reclamacións este acordó entenderase definitivamente adoptado.

Meaño, 11 de outubro de 2011.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2011010221**

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 10 de outubro de 2011 os expedientes de modificación das Ordenanzas Fiscais Reguladoras das Taxas pola prestación dos servizos de: